

Tempo de xestión

Actuacións e principios básicos para o manexo das poboacións do coello de monte e a perdiz rubia

Ó día seguinte o peche da tempada de caza, abriuse a veda da xestión cinexética. Momento no que as sociedades de caza deben tomar a palabra e comencan os preparativos para que na vindeira tempada se obteñan os froitos desexados.

Redacción

Eiso pasa polo traballo e esforzo que, neste caso, precisan as poboacións de coellos e perdices no monte galego. Melloras no hábitat e repoboacións, son so algúns dos ingredientes que se re-

quiren, o traballo diario o sacrificio e o sentido común, as bases do éxito.

COELLO

O coello de monte é unha especie que se atopa nun momento delicado por mor da alteración do hábitat, dunha xestión non sempre axeitada,

enfermedades etc. isto levouna a unha situación complicada. E unha especie cunha importancia cinexética destacada así como ecolóxica pero que a pesar de todo isto, nunca recibiu a atención que se merece.

Para o tratamento e a mellora das súas poboacións e importante coñe-



O coello de monte é unha especie cunha destacada importancia cinexética e ecolóxica.

cer como se atopan e para isto faremos un conteo aproximado dos individuos que temos no monte, sempre dun xeito aproximado e utilizando os datos que nos pode aportar a súa caza. Unha vez que dispoñamos destes datos, utilizarémolos para axustar e precisar o nú-

cuencia por exemplo dunha excesiva proliferación do matorral, tentaremos facer desbroces de pequenas dimensións e con bordes sinuosos, para mellorar así a calidade do hábitat desta especie.

Non so podemos actuar no hábitat coa mellora do terreo, senon que

Non nos debemos de esquecer de que todos estes traballos non darán os seus froitos se non se fai un control legal dos depredadores, como son por exemplo as batidas para o raposo. Tamén serán necesarios os controis de depredadores oportunistas de orixen antrópico como poden ser cans, gatos asilvestrados, visóns americanos, etc, que poden exercer unhes efectos moi negativos nas poboacións.

Estas metidas citadas anteriormente, serán axeitadas en todolos casos nos que queiramos seguir dispoñendo dunha poboación saudable de coellos. No caso no que unha determinada zona se quedara sen individuos pero sexa axeitada para esta especie, usaremos as repoboacións. Durante moito tempo ditas repoboacións non se fixeron dun xeito correcto, debido a solta de coellos de dubidosa calidade xenética, en moitos casos traídos de fora da Comunidade ou os híbridos de do-

No caso dunha excesiva proliferación do matorral, tentaremos facer desbroces de pequenas dimensións e con bordes sinuosos, así melloraremos a calidade do hábitat desta especie

mero de capturas e extraccións dependendo sempre dos datos recollidos. Temos que saber tomar as decisións axeitadas e no momento preciso, por exemplo, cerrar a tempada de caza días antes do permitido se observamos unha merma considerable dos efectivos ou poidamos crear unhes danos poblacionais que despois serán dificilmente de reverter. En definitiva, temos que saber regular a presión cinexética sobre esta especie.

A conservación dos hábitats adecuados desta especie e outro obxeto a ter moi en conta, a máis no día de hoxe que debido os incendios, plantacións, destrucións de habitats, etc. estanse a ver mais afectados ca nunca. E eique cando o cazador debe intervir, conservar e mellorar na medida do posibles estes espacios axeitados para o coello de monte. Nestas zonas que se viron afectadas pola perda de hábitat como conse-

tamen o podemos facer creandolle o coello zonas de refuxio como son os biotopos naturais construídos con pedras e terra que lle garanten unha protección moi importante a esta tanto para o seu refuxo e protección como para a súa cría.

mestico criados en xaulas,cos inconvintes e problemas que se demostraron co paso do tempo como poden ser a constante introduccion de distintas cepas víricas que fan proliferar as temidas enfermidades, así como a constante fracaso das



Nunca se farán repoboacións directas, senón que teran lugar en biotopos naturais cercados.



Para garantir o éxito nas repoboacións de coello de monte será imprescindible partir de individuos que porten a mellor calidade xenética posible.

inxentes cantidades de híbridos que se liberan o monte xa que a súa capacidade de adaptación o medio é nula. De ahí os constantes fiascos que se producen na recuperación de poboación de coello.

Este último inconvinte pódese evitar coa cría do coello en semiliberdade con cercados de tamaño

Nunca se deberán facer as repoboacións dun xeito directo como se facían ata fai pouco tempo, o tempo demostrou que resulta un fracaso tanto económico como medioambiental. Sempre dará mellores resultados as soltas ó medio con adaptación previa mediante a instalación de biotopos, tanto sexán naturais

pecial, mellorando na medida do posible o seu hábitat, facendo controis de depredadores e protexéndolos da presión cinxética creando vedados de caza.

Xa para rematar dicir que todos estes esforzos deberíanse concentrar nun determinado punto do noso Tecor, axeitado para elo e que nos

A cría de coellos en semiliberdade en cercados de tamaño considerable permítelle a estes que se poidan desenrolar dun xeito semellante a como o farán na vida salvaxe

considerable, no que os coellos se poidan desenrolar dun xeito semellante o que o farán na vida salvaxe, aclimatándose as súas condicións naturais.

Deste xeito obteremos de alta calidade, adaptados o terreo e clima da zona na que van vivir e coellos cunha taxa elevada de supervivencia.

coma artificias, que dispoñan dun pequeno cerco de climatización, no que permanecerán unhes poucos días para que se adapten e non padecan de súpeto a predacións nestas primeiras horas de liberdade nas que son máis susceptibles.

As zonas nas que se fixeron as soltas, teñen que recibir un coidado es-

servira para ser un punto de expansión hacia o resto do acotado.

Diversos estudos demostran que unhas concentracións e densidades elevadas de coellos fan que estes sexan máis resistentes os inconvintes cos que se poden atopar, como enfermidades, depredación e a propia caza.



Serán precisos os controis dos depredadores oportunistas como é o caso do raposo.

procesos que se leven a cabo nas repoboacións e na mellora das poboacións das perdices, deben ser anotadas, polo que é importante facer un seguimento e recollida de datos, que nos aporte información para poder empregar, mellorar e correxir erros que poidamos ir cometendo. Facendo unha avaliación continua dos resultados que vamos obtemos.

En resumen, podemos dicir que será imprescindible partir de animais de calidade, e criáremolos en pequenas cantidades, buscando a calidade en vez da cantidade que ofrecen os grandes produtores. Criáremolos en espazos axeitados e de semiliberdade, co menor contacto humano posible pero estando un tempo suficiente para que o animal esteña ven emplumado e forte.

Estes animais criados, preto da zona onde se van a soltar, terán a vantaxe de estar máis aclimatados as con-



Para acadar a calidade desexada nos individuos faranse estudos e análises xenéticos.

Faremos actuacións no hábitat para adecualo ás necesidades que teñan as perdices para poder sobrevivir, o que comunmente se chama melloras do medio

PERDIZ

As bases para unha recuperación axeitada das poboacións de perdiz roxa en Galicia pasan en primeiro lugar por obter uns animais de calidade. Para acadar esta calidade, teremos que facer estudos e análises xenéticos para escoller os animais máis puros posibles e tamén crialos dun xeito no que esteñan sometidos a estritos controis sanitarios. O mesmo tempo faremos actuacións no hábitat para adecualo ás necesidades que teñen as perdices para poder sobrevivir, o que comunmente se chama melloras do medio.

Un momento moi delicado é o proceso da solta, xa que o debemos facer sempre dunha forma moi definida e regulada. Debemos acometer un período de aclimatización con cercados especiais onde poidan ter comida e auga e podelas ir liberando pouco a pouco. Todos estes



É necesario que os individuos dispoñan de comida e auga no período de aclimatización.

dicións meteorolóxicas que se procederan de fora da nosa comunidade.

Cando xa se ten decidido o lugar de solta, o transporte destes animais debe durar o menor tempo posible para crearlle os mínimos problemas de estrés e que isto repercuta na súa posterior supervivencia. Ditas soltas faranse con un número de exemplares determinado, e nunca excesivo, é fundamental espacialas no tempo, xa que se liberamos un número elevado de individuos o que conseguimos é atraer a un gran número de depredadores a parte de colmatar o hábitat no que se deben desenrolar os individuos.

Por sorte hoxe en día contamos en España cun amplo abano de investigadores que dedican o seu tempo e esforzo en obter as informacións necesarias que postas nas mans das sociedades de caza son ferramentas fundamentais que marcarán sen dúbida a diferenza entre o éxito e o fracaso nesta dura labor. ▀